



## Un premio merecido: Mercedes Navarro, premio á liberdade de pensamento

Pepa Torres Pérez

Hai libros que che cambian a vida, reorientan, amplían a perspectiva. Sen dúbida un deles a miña, alá polos anos 90, foi «As sete palabras de Mercedes Navarro» (Madrid 1996). A través deste relato experiencial e profundando en sete xerundios (sentindo, narrando, alentando, bordeando, querendo, liberando, gozando), desvelouseme unha nova conciencia, un novo modo de ser e vivir-me como relixiosa no mundo ao fío da súa autora.

Nela topei a mellor definición desta forma paradoxal de vida cristiá que seguimos chamando vida relixiosa, aínda cando esta forma de designala xa non nos sirva por imprecisa:

Atópome no medio de moitas contradicións. Non son do clero, mais tampouco se me considera laica. A miña consagración non é outra cá do bautismo e, con todo, o meu estilo de vida reafirma de modo explícito e público, coma se se tratase de algo esencialmente diferente.

Aparezo como elemento de institución e mesmo da xerarquía eclesial e, con todo, colócome no bordo da mesma, alí onde debo saber-me máis crítica e máis disposta a cuestionar a institucionalización.

A miña forma de vida é esencialmente carismática e o soporte da institución non pode nunca substituír ou clasificar o carisma, só perigo de afogalo e destruílo. Debo estar neste mundo cos cinco sentidos especialmente abertos, como aberta debe ser a miña experiencia humana radical, de forma que nada do humano me sexa estraño, indiferente, nin deixe de converterse en interrogante.

Debo por tanto vivir a paixón profunda polo humano. E con todo, o meu estilo de vida debe anunciar o absoluto que é Deus, e en